

# REGULAMENTO DE COMPETIÇÃO DORNAS A VELA



**1. INTRODUÇÃO**

**2. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

**3. RECOMENDAÇÕES**

**4. A EMBARCACÃO, MEDIDAS E FORMAS DE  
MEDIR**

**5. GRUPOS E CATEGORÍAS. MEDIDAS.**

**6. PLANOS, DEBUXOS E DETALLES**

**VELA**

**TIMÓN**

**OUTROS.**

## 1. INTRODUCCIÓN.

O presente regulamento, esta dirixido a desenvolver as regatas de Dornas a Vela, garantizando unhas normas comúns para todos os participantes, que permitan unha competición en igualdade de condicións e a preservación das características básicas das dornas que tradicionalmente surcaron as nosas rías.

O propósito das restricións ás cales están sometidas o CASCO e VELAS da DORNA é asegurar, na medida do posible, a idéntica capacidade de competición para todos.

De producirse modificacións no presente regulamento, estarán encamiñadas a PRESERVAR o tipo de navegación e a clarificación do mesmo.

Estas modificacións defenderán sempre a NAVEGACIÓN TRADICIONAL de esta embarcación, EXCLUÍNDO calquera tipo de innovación que dervirtúa as condicións de navegación, os aparellos ou as manobras de por sí naturais das dornas.

Os cambios ou melloras que poidan introducirse o presente regulamento non perxudicarán por ningún concepto as embarcacións máis antigas, nin dismínirán a súa capacidade de regatear.

Do mesmo xeito as posibles variacións deberán observar un "coste económico razoable", primando sobre todo o facilitar o acceso a práctica deportiva da navegación en Dorna a meirande parte da sociedade.

## 2. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

Nas dornas podemos enumerar diferentes tipos: Polbeira, Xeiteira, Trasmalleira e Nai. O regulamento que estamos a definir afectará as regatas das **Dornas Polbeiras** de ata "9 cuartas"

### 2.1 SOBRE A EMBARCACIÓN.

**O ESCOTILLÓN:** Dada a existencia de dornas con escotillón aberto e máis de escotillón pechado, admítense a participación de ambos os dous tipos de dornas.

**O EMPANETADO:** As dornas deberán estar equipadas co empanetado que lle corresponde, completo.

**A PROPULSIÓN:** Queda prohibida calquera xeito de propulsión que non sexa a aplicación natural do vento sobre a vela.

**A CONSTRUCCIÓN:** Con piñeiro do país tendo as **tabóas un espesor mínimo de 1 centímetro**. A quilla e remadoiras poderán ser de carballo ou -devida a escaseza do mesmo- de outra madeira de características de dureza similares.

O sistema de construción será de tingladillo, contando con tódalas pezas tradicionais que forman a súa estrutura básica. Así contará coas correspondentes taboas da obra viva e obra morta. Do mesmo xeito respetará a distribución interior tradicional, non poderán excluírse os seguintes elementos:

- Corredores.
- Cofiño ou Cofete
- Banco de Escota
- Panel de Popa ou Couso
- Cadeira ou Viveiro
- Panel de Meo
- Tilla ou Banco de Meo
- Banco do Pau ou Fogonadura
- Escotillón (aberto ou pechado)
- Proa
- Remadoiras

**AS ESCARVAS:** E de obrigado cumprimento que os calimes das taboas do plán , que forman na dorna a característica do "tingladillo", estén perfectamente definidos e a vista, quedando prohibidos os recheos con materiais que o desvirtúen.

A escarva (parte inferior da taboa de cubrir que sobresaie por riba da taboa de virar), debrá ter un mínimo de 1 centímetro.

Quedan terminantemente prohibidos –especialmente no calafateado- os recheos excesivos que desvirtuen a tradicional forma da dorna.

Permitese a utilización de produtos de silicona ou similares no calafateado, sempre que cumpran única e exclusivamente, o obxectivo da utilización do calafateado tradicional a base de brea.

**O PINTADO:** Faise a distinción sobre a Obra Viva e Obra Morta.

Pintado da OBRA VIVA: No seu ACABADO, non se permite o tratamento con pinturas compostas, ESMALTES ou RESINAS ou calquera outra aplicación de dous compoñentes, que forme unha capa endurecedora sobre a madeira.

**Exclúese desta prohibición** a utilización de imprimacións específicas para o pintado con patente. Así o acabado poderá ser: Pintura de Aceite (tradicional), Patente ou Carena.

Sobre o Patente: admítese a utilización dos patentes tradicionais e mais dos anti-fouling ou de desgaste.

Calquera outro xeito de pintado que non esté aquí definido será considerado ilegal.

*Pintado da OBRA MORTA:* Poderá utilizarse, directamente sobre a madeira, a pintura tradicional (de aceite), alquitrán, barniz ou protectores da madeira que non teñan compoñentes epoxidicos ou formen capa endurecedora que desvirtúe o acabado da embarcación, tal como se poida desprender da interpretación deste regulamento, que non é outro que protexer da evolución (mal entendida) desmedida a propia embarcación.

## **2.2 SOBRE A VELA E NAVEGACIÓN**

**A VELA:** Será de Drin, Malla, Nylón ou Dracón, con un gramaxe non inferior as 2,5 onzas.

As medidas definiranse en función da tipoloxía de dorna.

Non está permitido levar sables de madeira, nin calquera outro reforzo no sotavento da vela que faga a función dos mesmos.

Admítese a colocación na superficie da vela de unha ventana de visibilidade de 30 x 80 cm/2 como máximo.

**A ESCOTA:** Non se permite

**O DRIZADO DA VELA:** Permiteuse o montaxe de un soio motón simple, que obrigatoriamente deberá ser de madeira.

**PROHIBESE EXPRESAMENTE:** O uso de winches, poleas, cañíns, mordedores e carros de escota.

**NA NAVEGACIÓN:** Prohíbese expresamente o uso de palancas esbarantes, soportes, trapecios ou calquera outro medio artificial que permita soportar o peso dos tripulantes fora da dorna. Esta prohibición non afecta o uso de estobos ou calquera outro tipo de cabo ou tira amarrada o interior da embarcación

Permiteuse que o tripulante poida agarrarse a driza.

### **2.3 O APARELLAMENTO:**

Todo o aparellamento, Temón, Verga, Pao, Cana do Temón e Varas de Portar, serán de madeira.

Non se permitirán, os temóns construídos en chapa marina (o similares) e para o seu acabado rexirá a mesma norma que para a obra viva da dorna.

No caso do pao, e atendido as crecentes dificultades para acadar un pao de piñeiro do país, permitirase a construción do mesmo en outro tipo de madeira e mesmo que este sexa de varias pezas pegadas, sin que esta construción sexa notoria nin desvirtue o pao orixinario.

*BOMBAS DE ACHIQUE:* Poderán utilizarse aquelas construídas con tubo evacuador e mebrana succionante, que funciona mediante sistema manual de rebose de agua.

***ESTA PROHIBIDO:*** A instalación e manexo de calquera artefacto ou aparato de navegación (bombas de achique, corredeiras, equipos de vento, etcetera) eléctrico ou electrónico.

*Calquera outra innovación,* non descrita nos puntos anteriores e que non teña unha base de utilización tradicional e sin evolución dentro da embarcación, estará prohibida.

### **2.4 A SEGURIDADE.**

En regata en todo momento será obrigatoria a presenza e bo estado de uso dos seguintes elementos:

**Chalecos Salvavidas,** un por cada tripulante. O Comité de Regata ou organo competente na organización da proba PODERÁ esixir a súa utilización cando o considere necesario.

**Medios de Fondeo,** será obrigatoria a presenza a bordo de un cabo de un mínimo de 40 metros de lonxitude e unha poutada, ancora ou rezón con un peso mínimo de 4 kilogramos.

**Flotabilidade,** As embarcacións estarán obrigatoriamente dotadas de elementos de flotabilidade suficiente para que impida o seu afundimento con seus tripulantes a bordo.

### **3. RECOMENDACIÓNS.**


A embarcación con un peso de 100,00 kilogramos a bordo debe ter unha flotabilidade, unha vez adrizada, de 15 centímetros dende o mar o barrote.

**Recoméndase levar remos a bordo**, como medida de seguridade, non sendo obrigatorio, nin estando permitido o seu uso como elemento propulsor en competición. O seu uso en regata supón a inmediata descalificación da embarcación.


#### **4. A EMBARCACIÓN, MEDIDAS E FORMAS DE MEDIR.**

Pretendese delimitar as características da embarcación, feito que permitirá encuadrala nunha ou noutra categoría.



**Eslora Total (Et):** o xeito de medila será, dende o punto marcado polo parte de dentro da proa ata a prolongación do espello de popa, pola parte de abaixo do barrote, e por enriba dos corredores.




**Eslora entre perpendiculares (Q + c):** Mídese de pegadura a pegadura **Q** e aumentase (**c**) de 7 a 8 cm., este aumento xustifícase pola parte da quilla que queda tapada por dentro, polo encastre do barragán.



**Manga (M):** Mídese por dentro das taboas de cubrir, por enriba dos corredores e por popa da caderna maestra. Equivale a medición de Couseiro a Meo, a altura onde empeza a tilla.




**Puntal:** Mídese largando un cordel dende a parte de dentro da proa, ata a pana de popa, por enriba dos corredores



Puntal a Proa: Ppr. A distancia medida entre a pegadura da quilla coa roda ata o cordel tensado.

Puntal a Popa: Ppp. A distancia medida entre a pegadura que fai a quilla co encastre do barragán ata o cordel.

O Puntal sumaráselle a altura da Quilla e teremos o **PUNTAL TOTAL**.



**Sobre a QUILLA:** A súa altura será de 16 centímetros como máximo, e de 10 centímetros como mínimo.

Poderá levar un reforzo de protección, que será incluído para calcular a altura da taboa da quilla, orientativamente este reforzo non adoita ter máis de 1 cm. de espesor, e integrarase a forma natural da quilla.

Atendendo o xeito de montar a quilla na embarcación, deberemos conteplar que esta esta cuberta nunha medida de 3 centímetros pola 1ª taboa .

Deste xeito, medida que teña a quilla por fora haberá que sumarlle 3 cm. que representan a parte tapada pola taboa.

## 5. GRUPOS E CATEGORÍAS. MEDIDAS.

Establecese *unha única categoría de competición*, para as dornas a vela, pero defínense grupos con características propias de obrigado cumprimento.

Os números expresan medidas en centímetros.

### **Dornas de 8 cuartas.**

Eslora Total	-----	404	+ / - 3
Eslora entre perpendiculares	-----	163	+ / - 3
Manga	-----	145	Mínimo
Puntal a Proa	-----	81	Máximo
Puntal a Popa	-----	77	Máximo

### **Dornas de 8,5 cuartas.**

Eslora Total	-----	422	+ / - 3
Eslora entre perpendiculares	-----	175	+ / - 3
Manga	-----	151	Mínimo
Puntal a Proa	-----	86	Máximo
Puntal a Popa	-----	81	Máximo

### **Dornas de 9 cuartas.**


Eslora Total	-----	440	+ / - 5
Eslora entre perpendiculares	-----	189	+ / - 5
Manga	-----	157	Mínimo
Puntal a Proa	-----	88	Máximo
Puntal a Popa	-----	83	Máximo

## AS VELAS.

Establécense unhas medidas que deberán ser respetadas na súa construción. As variacións adaptanse as diferencias entre os distintos grupos de dornas: 8, 8'5 e 9 cuartas.

Definense lonxitudes para os diferentes segmentos que se relacionan e que corresponden as seguintes medidas de:

- A) Relinga
- B) Verga
- C) Sotavento
- D) Arrastre.



Medidas por grupos:

<u>Dornas 8 c.</u>	<u>Dornas 8'5 c.</u>	<u>Dornas 9 c.</u>
A) 370	A) 400	A) 440
B) 170	B) 180	B) 190
C)	C) 365	C) 410
D) 320	D) 340	D) 360

Estas medidas poderán reducirse en 10 cm. por calquera dos seus lados (A, B, C ou D).

En cada regata deberá levarse unha sola vela, que deberá estar de acordo coas medidas do seu grupo. Cando unha dorna teña as medidas (relación coas esloras), entre as mínimas do grupo superior e as máximas do grupo inferior, levará a vela que lle corresponda o grupo inferior.

## FORMA DE MEDIR AS VELAS.

**1) A RELINGA**, distinguiremos si o pano leva "relinga", entendida está como o cabo interior que porta o pano da vela, neste caso, tensarásese con un dinamometro a 30 kilogramos e logo procederase a medir.

Si non leva cabo interior, si o propio pano e o que soporta a tensión: tensarase a man hasta que este templado e medirase.

**2) A VERGA, o ARRASTRE e o SOTAVENTO**, tensarásese o pano e logo procederase a medir. De existir cabo interior que soporte a tensión procederemos como para a Relinga.

### **OUTRAS CONDICIÓNS DA VELA.**

Será condición OBLIGATORIA, para todas as velas, a colocación obligatoria de **2 rizados** e ademais a tradicional "**poia de correr**" na relinga que será equivalente o puño de amura do hipotético cuarto rizo.


Os Rizados, deberán manter unha separación de 50 centímetros.

## ANEXO VELA:

A proposta de Lajareu por Barlovento, quedou aprobado o seguinte corte de vela para o grupo de dornas de 9 cuartas. E que entrou en vigor no ano 2.005, sin que esto poida xenerar conflito coas velas descritas anteriormente, de tal xeito que os dous formatos poidan convivir nas regatas, sen prexucio para ningún dos regatistas.

Segmentos (medidas expresadas en centímetros):

A-B, Relinga:	440
B-C, Verga:	200
C-D, Sotavento:	361
A-D, Arrastre:	345
A-C: Resultante :	571
B-D: Resultante :	370



## XUSTIFICACIÓN.

**A Resultante B-D**, posibilita poder dispoñer da vela nas tres posicións de inclinación que ten o pao, sen ter que tomar rizos.

**Relinga A-B:** Para un pao de 504 centímetros


**Verga B-C:** Medida lonxitudinal da quilla.

**Arrastre A-D:** Distancia dende a amura o banco

ESTABLECESE a obligatoriedade da colocación de 2 rizos a 50 cm. de distancia e a "poia de correr" como medida de seguridade.

## O TEMÓN.

- A) Parte mais estreita da pala.
- B) Parte mais ancha da pala.
- C) Calado por debaixo da quilla.
- D) Medida dende o ataque do temón ata as taboas do barragán.



### Dornas 8 c.

A) 25

B) 42

C) 29 max, 17 min

### Dornas 8'5 c.

A) 27

B) 44

C) 31 max, 17 min.

### Dornas 9 c.

A) 29

B) 47

C) 33 max. 17 min.

Nota: as medidas serán tomadas en centímetros.